



DATOS IDENTIFICATIVOS

Economía Ambiental

Materia	Economía Ambiental			
Código	V03M019V01104			
Titulación	Máster Universitario en Xestión do Desenvolvemento Sostible			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Dpto. Externo Economía aplicada			
Coordinador/a	Labandeira Villot, Francisco Javier			
Profesorado	Labandeira Villot, Francisco Javier Loureiro García, María Touza Montero, Julia María			
Correo-e	xavier@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A economía medioambiental ofrece un marco teórico para a análise da relación entre actividades económicas e medio ambiente. Mostra cómo técnicas económicas poden ser aplicadas á análise de problemas ambientais. Esta materia está baseada na (a) teoría das externalidades e bens públicos, (b) teoría das contaminación óptima, e na (c) teoría do benestar. Os temas a analizar inclúen os conceptos de desenvolvemento sostible; eficiencia económica, fallos de mercado, bens públicos medioambientais, recursos naturais de propiedade común, externalidades; análise coste-beneficio, valor económico total, valor de uso/existencia/ opción; valoración directa/indirecta, transferibilidade de beneficios; economía da contaminación; política ambiental tal como impostos, subvencións, permisos intercambiáveis, ou regulación e acordos internacionais.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Diagnosticar os efectos da actividade humana e económica sobre o medio natural.
A3	Coñecer e aplicar os conceptos básicos relacionados coa valoración económica dos ben ambientais.
A4	Coñecer os instrumentos de política ambiental, as súas aplicacións na práctica e efectos.
B3	Saber aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas en entornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudio.
B4	Ser capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade e formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúe reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B8	Desenvolver unha actitude de sensibilidade cara temas medioambientais.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Ser conscientes dos problemas ambientais e as súas ramificacións sociais.	Saber estar / ser	B8
Entender as diferentes posturas nos debates ambientais.	saber	B4
Comprender as razóns do deterioro ambiental dende unha perspectiva económica.	saber	A1
Entender os problemas medioambientais como un fallo do mercado, sen esquecer os posibles fallos do Estado na súa solución.	saber	B3
Entender o papel das regulacións e políticas medioambientais na xestión do medio ambiente e recursos naturais.	saber	A4
Coñecer os instrumentos de política ambiental, as súas aplicacións na práctica e efectos nas entidades/suxeitos afectados.	saber	A4

Comprender e aplicar os conceptos básicos relacionados coa valoración económica dos bens ambientais. saber facer A3

Coñecer as alternativas para a valoración dos bens ambientais. saber facer A3

Contidos

Tema	
LECCIÓN 1: INTRODUCCIÓN Á ECONOMÍA AMBIENTAL.	1.1. Interaccións entre economía e medio ambiente. 1.2. Introducción ó concepto de desenvolvemento sostible.
LECCIÓN 2: FALLOS DE MERCADO	2.1. Distribución e eficiencia do mercado. 2.2. Eficiencia e sostenibilidade. 2.3. Introducción ás externalidades. 2.4. Dereitos de propiedade. 2.5. Bens públicos. 2.6. Recursos de propiedade común. 2.7. Teorema de Coase, e negociación privada. 2.8. Fallos políticos.
LECCIÓN 3: POLÍTICA MEDIOAMBIENTAL.	3.1. Contextualización dos problemas de contaminación. 3.2. Instrumentos de mercado: taxas e impostos, subsidios. 3.3. Regulación e estándares: regulación, cotas, estándar mínimo seguro. 3.4. Instrumentos mixtos: permisos de emisións transferibles. 3.5. Comparación de instrumentos políticos. 3.6. Evidencia empírica e estudos de caso.
LECCIÓN 4: VALORACIÓN DO MEDIO AMBIENTE .	4.1. Análise custo-beneficio. 4.2. Desconto do futuro. 4.3. Introducción á economía do benestar. 4.4. Valor económico total. 4.5. Valores de uso, existencia e opción. 4.6. Métodos indirectos de valoración. 4.7. Métodos directos de valoración. 4.8. Estudio de casos.
LECCIÓN 5: INTRODUCCIÓN AO ANÁLISE MULTICRITERIA	5.1. Principios da análise multicriteria 5.2. Proceso da análise multicriteria. 5.3. Estudio de casos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	5	10	15
Estudo de casos/análises de situacións	5	10	15
Sesión maxistral	10	0	10
Probas de tipo test	1	34	35

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas de laboratorio	As prácticas presenciais de ordenador serán deseñados para reforzar e estender o entendemento dos conceptos teóricos dados nas leccións maxistras a través da resolución numérica de problemas, situacións e estudos de caso.
Estudo de casos/análises de situacións	Nas clases presenciais examinaranse estudos de casos e evidencia empírica para unha aproximación á realidade da materia.
Sesión maxistral	Clases presenciais onde se expoñerán os conceptos clave da materia e se fomentará o aprendizaxe de xeito participativo e práctico.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	A docencia desta materia farase a través da exposición da mesma e a través dun conxunto de actividades a desenvolver polos alumnos tales como problemas a resolver, estudos de caso e lecturas a comentar. O material docente teórico e práctico será distribuído nas clases. Os alumnos tamén poderán acceder a este material a través da páxina web do Máster. O material de lectura que complementa aos libros de referencia que se utilicen no curso estará a disposición do alumno na biblioteca.

Prácticas de laboratorio	A docencia desta materia farase a través da exposición da mesma e a través dun conxunto de actividades a desenvolver polos alumnos tales como problemas a resolver, estudos de caso e lecturas a comentar. O material docente teórico e práctico será distribuído nas clases. Os alumnos tamén poderán acceder a este material a través da páxina web do Máster. O material de lectura que complementa aos libros de referencia que se utilicen no curso estará a disposición do alumno na biblioteca.
--------------------------	--

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Prácticas de laboratorio	Asistencia ás prácticas e informe das mesmas.	10%
Estudo de casos/análises de situacións	Asistencia e participación activa na resolución dos estudos de caso.	5%
Sesión maxistral	Asistencia e participación activa.	15%
Probas de tipo test	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadero/falso, elección múltiple, emparellar elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	70

Outros comentarios sobre a Avaliación

Todos aqueles alumnos que non superen a materia, terán que facer unha proba tipo test, e no caso de que o alumno non entregará o longo do curso os informes das prácticas deberá entregalos.

Bibliografía. Fontes de información

CHAMP, P.; BOYLE, K.J.; BROWN, T.C., **A Primer on nonmarket valuation.**, 2003,
 AZQUETA, D., **Introducción a la economía ambiental**, 2007,
 LABANDEIRA, X.; LEÓN C. e VÁZQUEZ M. X., **Economía ambiental**, 2007,
 RIERA, P.; GARCIA, D.; KRISTOM, B. e BRANNLUND, R., **Manual de Economía Ambiental y de los Recursos Naturales**, 2005,
 ROMERO, C., **Economía de los recursos ambientales y naturales**, 1997,
 COMMON, M. e STAGL, S., **Ecological Economics**, 2005,
 FREEMAN, A.M., **The measurement of Environmental and Resource Values. Resource for the Future**, 1993,
 PERMAN, R.; MCGILVRAY, M. e COMMON, M., **Natural resource and environmental economics**, 2003,
 HANLEY, N.; SHOGREN, F. e WHITE, B., **Environmental economics. In theory and practice**, 1997,
 TIETENBERG, T., **Environmental and Natural Resource Economics**, 2006,
 ROMERO, C., **Teoría de la decisión multicriterio: conceptos, técnicas y aplicaciones.**, 1993,

Nesta lista atópase tanto a bibliografía básica coma a complementaria. A básica está formada polos seguintes documentos:

AZQUETA (2007); LABANDEIRA *et al.* (2007); RIERA *et al.* (2005) e ROMERO (1997).

Recomendacións